

**C O N C E L L O**

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

"anticipos de caixa fixa".

3.- Estes perceptores quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades recibidas por este concepto, no prazo máximo de tres meses.

4.- As persoas que reciban "anticipos de caixa fixa" renderán contas polos gastos atendidos con ditos anticipos, a medida que as súas necesidades de Tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os cales deberán ser xustificadas na forma que se indique polo Pleno do Concello.

BASE 13ª: PAGO DE SUBVENCIONS:

Polo Concello está previsto conceder, como máximo, as seguintes subvencións, previo acordo da Xunta de Goberno Local:

-A Actividades escolares. (ANPA Valdarrosa 300,00 euros)	3.600,00.-
-A Comisións de Festexos de Fornelos	8.500,00.-
- ANPA Dr. Suárez.....	1.100,00.-
- Festa Carnaval	4.500,00.-
- Festas patronais nas que actúen os alumnos da Escola.... municipal de Gaita, e se faga constar a colaboración do concello e o escudo nos carteis das festas.....	200,00.-
- Festas patronais nas que actúen os alumnos da Escola.... municipal de Música, e se faga constar a colaboración do concello e o escudo nos carteis das festas.....	100,00.-
- Previsión para festas e outras actividades.....	5.400,00.-
- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.....	264,00.-
- Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey	2.500,00.-
- Premio de Periodismo Manuel Lueiro Rey.....	1.000,00.-
- Clubs deportivo Futbito Fornelos	900,00.-
- Club Ciclista de Fornelos.....	500,00.-

Para o abono das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo ó Orzamento, será indispensable acreditar polos perceptores estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Entidade que as concede, debendo xustificarse, así como tamén, a súa aplicación ós fins para os que tiveran sido concedidas, mediante a presentación dos documentos que suficientemente así o acrediten.

BASE 14ª: GASTOS DE LOCOMOCIÓN, AXUDAS DE CUSTO E INDEMNIZACIONS 1.- De conformidade co establecido no artigo 42.4 da Lei 14/2000, de 29 de decembro, que da nova redacción ó artigo 75.4 da LRBRL, Os membros da corporación local percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas. A norma aplicable ós funcionarios é o RD. 462/2002, de 24 de maio

Para estes efectos, os membros da corporación consideraranse incluídos no Grupo I (Altos cargos)

Nas axudas de custo, no caso de que a saída se produza antes das catorce trinta horas e o regreso con posterioridade as vinte e unha trinta horas do mesmo día, se percibirá o 100% dos gastos de manutención.

Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán, por asistencia ás sesións de pleno e xunta de goberno local as seguintes cantidades:

Por asistencia a pleno: 100 euros por sesión.

Por asistencia a xunta de goberno local: 400 euros por sesión.

Os tenentes de alcalde, deixarán de percibir asignacións por asistencia a sesións no caso de que o global anual por asistencia a plenos e comisións de goberno alcance as seguintes cantidades:

1º Tenente de Alcalde	6.000,00 euros
2º Tenente de Alcalde	4.800,00 euros
3º Tenente de Alcalde	4.800,00 euros

Por asistencia a cada sesión do Consello Escolar, e demais entidades que contan con representación oficial do Concello de Fornelos de Montes, cando celebren sesión dentro do municipio, o concelleiro delegado percibirá unha indemnización de 50,00 euros.

Cada concelleiro percibirá, por asistencia efectiva a cada sesión da Comisión Especial de Contas a cantidade de 50,00 euros

O concelleiro tesoureiro- delegado de montes veciñais e a concelleira delegada de Benestar Social e Muller percibirán unha indemnización de 200,00 euros mensuais como compensación polos desprazamentos dentro do municipio que deben realizar por motivos do cargo.

